

INSTRUCCIÓN 3/2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2022-2023

-CONTIDOS DA INSTRUCIÓN

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN	2
1.2. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR.	4
1.3 MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE: PROTOCOLO COVID-19.	5
2. FUNCÍONS DE DIRECCIÓN, ATENCIÓN E COLABORACIÓN	5
3. COMPLEMENTOS E COMPENSACÍONS ECONÓMICAS VINCULADAS Á ATENCIÓN DO COMEDOR ESCOLAR	10
4. NÚMERO DE PRAZAS DE COMEDOR AUTORIZADAS	10
5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CURSO 2022-2023	10
6. SELECCIÓN E ADMISIÓN DE USUARIOS	11
7. TARIFAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.	13
7.1 PROCEDEMENTO DE AUTODECLARACIÓN DAS TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.	13
7.2 ESTRUCTURA E CARACTERÍSTICAS DAS TARIFAS DE COMEDOR ESCOLAR	17
7.2.1 SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO DAS TARIFAS	17
7.2.2 CONTÍA DAS TARIFAS	17
7.2.3. BONIFICACÍONS DAS TARIFAS	18
7.2.4. USUARIOS GRATUÍTOS DO SERVIZO	20
7.2.5 CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E OBTENCIÓN DA MESMA	21
7.2.6 PAGAMENTO DAS TARIFAS	24
8. AMPLIACIÓN DE PRAZAS DE COMEDOR ESCOLAR	27
9. USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS	28
10. CENTROS CON SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR	28
11. ACCESO AO SERVIZO POR PARTE DE ALUMNADO ESCOLARIZADO EN CENTROS QUE NON LLES CORRESPONDEN POR ZONA DE INFLUENCIA	28



12 MANTENIMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA.....	30
ANEXO I PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS.....	32
ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN.....	36
ANEXO III REXISTRO CUBERTOS.....	46

-CONTIDOS DA INSTRUCIÓN

1. Ámbito de aplicación

Esta instrución establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso 2022-2023, dos comedores escolares de xestión indirecta dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería ou contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola Administración Educativa.

De acordo co previsto no artigo 2.1 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a área de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio no que o menor conviva cos seus pais ou titores legais ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.



Considerarase como domicilio familiar o habitual de residencia das/os representantes legais do alumnado ou, se é o caso, o das alumnas e alumnos menores de idade que co consentimento dos pais vivan en domicilios distintos dos daqueles.

Cando os representantes legais do alumnado vivan en domicilios diferentes, considerase como domicilio familiar o daquel con quen este conviva.

O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión ao comedor, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

Con carácter excepcional, poderá considerarse como domicilio familiar o de outras/os familiares cos que efectivamente conviva a alumna ou alumno, sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación expedida para tal efecto polo concello, a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.

No caso das/dos menores en situación de acollemento para acreditar o domicilio habitual do menor, as familias de acollida presentarán fotocopia da resolución ditada pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Política Social expedida para o efecto.

O domicilio do lugar de traballo de calquera das/dos nais/pais ou titores legais acreditarase do seguinte modo:



- a) No caso das persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or, xunto cunha copia do contrato de traballo, así como copia dos documentos do Recibo de liquidación de cotización (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT) correspondentes.
- b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e as altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas.
- c) No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

1.2. Protocolo de funcionamento do comedor escolar.

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

A recollida e conservación de comidas testemuña por parte dos operadores económicos, está contemplada no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, artigo 10.3.

Do mesmo xeito, o Real decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación en materia de hixiene;



harmoniza os requisitos esixibles ás comidas testemuña nos establecementos de comidas preparadas, así o artigo 30 puntos 1 e 2, refírense á recollida e conservación das comidas testemuña, o que facilitaría a realización do estudo epidemiolóxico en caso necesario.

Neste protocolo regularase, entre outros supostos, o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante, a cal se distribuirá exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona, de conformidade co previsto na Instrución 2/2017 do 23 de marzo.

1.3 Medidas de protección e seguridade: protocolo covid-19

Ao respecto das medidas de protección e seguridade no contexto da Covid-19 nos comedores escolares dos centros de ensino non universitario de Galicia seguiranse as medidas en vigor en cada momento, de ser o caso, no protocolo de adaptación a este contexto.

2. Funcións de dirección, atención e colaboración

As funcións de dirección e coordinación xerais do servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que exerza a dirección do centro, que desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de verificar o axeitado cobramento das cantidades que, no seu caso, correspondan aos usuarios polo servizo de comedor.



Neste senso, os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.

É responsabilidade da Dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao longo do curso escolar os impagamentos das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

Neste sentido, constatados os impagamentos, a Dirección do centro reunirá ao Consello Escolar, que, no seu caso, acordará a perda polo comensal debedor da súa praza de comedor e a continuación dita Dirección impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

A plataforma de intermediación de datos existente permitirá cruzar os datos de renda neta familiar per cápita autodeclarados polos suxeitos obrigados ao pagamento das tarifas de comedor escolar cos datos de renda neta familiar per cápita contidos nas correspondentes declaracións do IRPF de ditos suxeitos.

A tal efecto, antes do 30 de setembro do ano actual as/os Directoras/es dos colexios especificarán, na relación nominal prevista no apartado 12 da presente Instrución, a identidade e circunstancias dos comensais, beneficiarios de gratuidade no pagamento das tarifas de comedor por atoparse nos supostos un,



dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto. Dita información permitirá eximilos do cruzamento anteriormente referido, o cal, unha vez feito, será enviado a cada centro a fin de que, coa dita información, as direccións dos centros de ensino poidan cumprir as obrigas asignadas no Decreto e na Orde anteriormente citados.

Así mesmo, na última semana de cada trimestre do vindeiro curso 2022-2023 as/os Directoras/es reportarán ao Servizo de Xestión de Comedores Escolares, calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, ás circunstancias de regularización dos pagamentos efectuadas e ás decisións de apartamento e perda da praza de comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.

Mantendo os/as directores/as dos centros as responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores, poderán voluntariamente delegar nun membro do claustro a obriga de presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este. Así pois, o docente no que a Dirección delegue será quen utilice a praza do comedor reservada ao director/a, percibindo, en lugar de este/a, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

Os directores/as dos centros, no marco establecido polo artigo 30 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, actúan como responsables do contrato e, en calidade de tales, controlarán a correcta execución dos contratos e que non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a consellería e o persoal do contratista. Para estes efectos, a Secretaría Xeral Técnica remitiralles unha copia dos pregos de cláusulas administrativas e de



prescricións técnicas, do contrato e das súas prórrogas, no seu caso, e da oferta do adxudicatario a través de correo electrónico, sempre que isto sexa posible. En todo caso, arbitraranse as medidas que sexan necesarias para pór á disposición dos centros a documentación sinalada.

As direccións dos centros velarán especialmente por que o contratista achegue a súa propia organización directiva e de xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e se faga responsable da organización do servizo e de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, directrices e criterios de execución e distribución dos traballos, a través das persoas designadas por el, de xeito que a consellería resulte completamente allea a estas relacións laborais.

As direccións dos centros canalizarán a través dos encargados designados polo contratista as incidencias que xurdan na execución diaria dos contratos.

As direccións dos centros deberán comunicar á Secretaría Xeral Técnica, coa maior exactitude, as irregularidades contractuais que non sexan capaces de solucionar directamente coa empresa e se veñan producindo de xeito reiterado, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. As devanditas denuncias motivarán as oportunas investigacións e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais ou de resolución contractual por parte desta Secretaría Xeral Técnica.

As tarefas de atención e colaboración incluíranse no obxecto do contrato que se subscriba.

Asemade de conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, resulta obrigado para a direccións dos centros:



- Comunicar ás empresas a través dun medio do que quede constancia, as ausencias e baixas coñecidas antes das 10,00 h do día no que a diminución de comensais vaia a producirse.
- Facer constar no rexistro de cubertos de cada día os menús consumidos correspondentes aos usuarios que asistiron ao comedor, así como os menús sobrantes servidos pola empresa ao non serlle comunicadas debidamente as baixas e ausencias previstas. Para tal efecto, a aplicación COMEDORES permitirá rexistrar, tanto os menús consumidos polos usuarios determinados, como aqueles menús sobrantes servidos pola empresa á que o colexio non comunicara as baixas de comensais antes das dez da mañá de cada día de comedor escolar.
- Certificar a través do rexistro de cubertos non só os menús consumidos, senón tamén os menús sobrantes servidos polas empresas por causa de non ser avisadas oportunamente das ausencias e baixas de comensais, a fin de que todos eles lles sexan abonados.
- Privar durante 10 días do uso do comedor aos usuarios que en tres ocasións faltaran ao comedor sen que mediara, antes das 9,45h dese día, comunicación previa da súa ausencia, sexan usuarios pagadores ou gratuítos.

Acumulación de funcións

No caso excepcional de que se acumulen funcións, unicamente poderá percibirse un complemento retributivo ou compensación económica.

Incompatibilidade.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo:



coidadores/as de educación especial e análogos que asistan ao alumnado no comedor).

3. Complementos e compensacións económicas vinculadas á atención do comedor escolar

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirán o/a director/a e o persoal do centro o será de 12,50€, por día de asistencia efectiva ao comedor escolar, con independencia do número de quendas de comedor existente.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño do respectivo curso escolar. Ás compensacións económicas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

4. Número de prazas de comedor autorizadas

O número de prazas de comedor que hai que ter en conta para facer a selección provisional de comensais será o autorizado para cada centro no anexo I da presente instrución.

Nese número máximo entenderanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director/a, e, no seu caso, persoal colaborador do centro e coidadores).

5. Contratación do servizo de comedor escolar no curso 2022-2023

O servizo será contratado pola consellería a través dos seus servizos centrais mediante os procedementos legalmente establecidos de conformidade co previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou, no seu caso,



os documentos contractuais detallarán as características esenciais do contrato (prezo, número de usuarios, número de persoal de atención ao alumnado, etc.).

6. Selección e admisión de usuarios

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2022-2023, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará a totalidade das ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 1/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2022-2023.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.

A asimilación ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida y non nacido ou nacida acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia, artigo 12 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia





5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóñense, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición ocupada nesas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista da reserva, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se



deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días

7. Tarifas do servizo de comedor escolar.

7.1 Procedemento de autodeclaración das tarifas pola utilización do comedor escolar.

De conformidade co previsto no artigo 14 do Decreto 132/2013 os centros farán chegar ás familias dos comensais admitidos provisionalmente ao comedor o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos recollido no Anexo II desta instrución, autodeclaracións que deberán ser entregadas nos centros cubertas en todos os seus extremos ata o 08/09/2022.

Mediante o dito impreso os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2021, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía da tarifa que lles corresponde aboar, de acordo cos tramos fixados no citado decreto.



Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, **a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar** á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, que lle serán subministrados á Administración pola pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado mediante a Plataforma de Intermediación de Datos.

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar mediante a presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos **á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2021**, anterior ao presente ano.

Non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 7.2.4 desta instrución, agás no caso dos/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € que si terán que facela.

As unidades familiares incluídas neste último suposto terán que cubrir e presentar no centro a autodeclaración, autorizando expresamente a comprobación telemática dos datos manifestados, ou, no caso de non autorizala, achegando o documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2021.



As unidades familiares que se atopen nos restantes supostos previstos no punto 7.2.4 da instrución soamente terán que presentar nos centros a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade, referidas no citado punto.

Os centros cargarán na aplicación COMEDORES os datos contidos nas autodeclaracións e na documentación acreditativa recibidas, a fin de que se fagan no seu caso, ás comprobacións telemáticas ás que houbese lugar.

No caso de que o modelo de autodeclaración presentado careza da información de datos relevantes, como nomes dos obrigados tributarios, números dos DNI, identificación dos membros da unidade familiar e as súas datas de nacemento, ou de que non teña marcada a casa correspondente ao tramo que lle corresponda, a dirección do centro advertirao ao interesado, que disporá de 15 días naturais para corrixir as deficiencias e presentar axeitadamente o modelo, advertíndolle de que, de non facelo, será encadrado de oficio no tramo de pagamento correspondente a 4,50 € por día de servizo.

Aos efectos de facilitar ás familias o cálculo do importe das tarifas polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>.

A consellería, de conformidade co procedemento e as consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, de seren erróneos os datos de renda autodeclarados, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento das tarifas, nas que se efectuarán correccións dos importes a aboar.



A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a consellería poderá facer en todo momento as comprobacións de renda que resulten necesarias.

Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nas tarifas en adiante, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.

Así mesmo, a consellería poderá durante o curso escolar axustar os importes das tarifas, de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro, de duración superior a 6 meses, de calquera membro da unidade familiar.

Este período de 6 meses deberá ser continuado e para os efectos de que se poida acreditar unha diminución de ingresos que supoña un cambio no tramo autodeclarado será necesario presentar ante a dirección do centro educativo a seguinte documentación:

- Certificado do INEM no que se acredite a súa situación de máis de 6 meses en paro e resolución na que figure o importe que lle corresponde cobrar no ano 2022 polo subsidio de desemprego, ou por calquera outra prestación, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro.
- Documento acreditativo dos ingresos dos restantes membros da unidade familiar no exercicio 2022, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro, a través das nóminas, así como de xustificantes acreditativos de calquera outro ingreso.
- Nova autodeclaración, en base a estes novos datos e deducidas, no seu caso, as retencións por IRPF e Seguridade Social.



Como consecuencia desta diminución de ingresos, calcularase a nova renda per cápita da unidade familiar en base unicamente aos ingresos do exercicio 2022, o que podería levar consigo un novo tramo de pagamento do prezo público ou manter o existente.

7.2 Estrutura e características das tarifas de comedor escolar

7.2.1 Suxeitos obrigados ao pagamento das tarifas

Estarán obrigadas ao pagamento das tarifas pola prestación do servizo de comedor, en base ao disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013:

- a) Os pais, nais, titores legais, no nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito a gratuidade total do servizo de comedor.

7.2.2 Contía das tarifas

O uso do servizo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013, dará lugar ao aboamento das seguintes tarifas por parte dos suxeitos obrigados:

- a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no punto 7.2.3 desta instrución.
- b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no no punto 7.2.3 desta instrución.



c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

e) 4, 5 € por día, alumnos escolarizados fóra do centro que lles corresponda , o 1º ano.

7.2.3. Bonificacións das tarifas

Nos termos previstos no artigo 12 do Decreto 132/2013, co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a consellería asumirá, total ou parcialmente, o seu custo nos seguintes supostos:

a) Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:





Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

b) Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €



7.2.4. Usuarios gratuítos do servizo

Segundo establece o artigo 11 do citado Decreto 132/2013, serán usuarios gratuítos os seguintes:

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

-Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a este atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

-O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no



coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

Nos casos nos que tal labor se realice de xeito discontinuo e existan prazas vacantes dentro do máximo das autorizadas no comedor, o persoal do centro, estando as necesidades de colaboración cubertas, deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor.

7.2.5 Concepto de unidade familiar e obtención da mesma

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.

b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).



Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.

- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.

- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2021:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casilla 435 + casilla 460 – casilla 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.



Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar:

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.



7.2.6 Pagamento das tarifas

A Consellería aboaralle o servizo de comedor á entidade mercantil que o preste, sen prexuízo de que tales aboamentos se vexan completados coas cantidades que deberán aboar en concepto de tarifas os usuarios que non sexan beneficiarios da gratuidade total ou parcial do servizo. O pagamento das tarifas producirase mensualmente.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes.

Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente aos centros de ensino os días nos que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima das 9.45 h de cada día se queren que eses días nos sexan tidos en consideración nos pagamentos.

Neste sentido, mensualmente facturarase o número de menús que realmente se sirvan en cada centro. O reconto conformado destes será rexistrado diariamente no Rexistro de cubertos que, con periodicidade mensual, será asinado pola dirección de cada un dos centros e pola persoa adxudicataria. O total mensual de cubertos que se sirvan será o que se facturará cada mes. Logo de que remate o mes entregarase unha copia da folla do rexistro á persoa adxudicataria e outra arquivarase no centro.

O ingreso mensual dos importes que corresponda pagar a cada usuario poderase efectuar na conta corrente que para o efecto indique a entidade mercantil adxudicataria do contrato de comedor.



Falta de aboamento.

A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

Estes ingresos forman parte para o empresario do prezo do contrato e son irrenunciables.

Neste sentido, lémbrese que entre as funcións que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21 de febreiro de 2007 á persoa que exerce a dirección do centro está a de *“verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del”*. Así mesmo, as Direccións dos centros teñen a obriga, cando saiban que se producirán ausencias dos/as usuarios/as habituais do comedor, de poñelo en coñecemento das empresas adxudicatarias por calquera medio, que permita acreditarlo, antes das 10.00 h do día no que deba producir os efectos, co obxecto de que as empresas adxudicatarias poidan acomodar o número de menus subministrados ao número de menús reais que se servirán no comedor. A debida dilixencia na comunicación de baixas de comensais permitirá que a facturación resultante responda á realidade do servizo e nin se desperdicie comida nin se produza un prexuízo económico empresarial.

Unha vez elaboradas as listas de comensais admitidos, os centros cargarán, xunto coas características dos usuarios sinaladas nas súas autodeclaracións e na documentación aportada, no seu caso, na aplicación COMEDORES. Durante os meses seguintes, os centros irán confirmando os días de asistencia ao comedor, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, etc.) que se produza en relación cos comensais.

Para facilitar o seu labor, os adxudicatarios dos contratos elaborarán, nos 10 primeiros días de cada mes, un listado dos pagamentos efectuados por todos os



usuarios, que remitirán aos centros para que estes identifiquen os usuarios que non se atopan ao día nos seus pagamentos e procedan en consecuencia.

As direccións dos centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos, toda vez que a falta de aboamento do importe do servizo por parte das persoas usuarias será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

De conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración as cantidades debidas en concepto de tarifas, teñen a consideración de créditos de dereito público cuxa recadación en vía executiva corresponde aos órganos competentes da Administración.

As persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade por ter utilizado o servizo no centro no que cursaba estudos, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.



8. Ampliación de prazas de comedor escolar

Unha vez aprobadas as listas definitivas de comensais, os centros poderán cursar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería as solicitudes de ampliación do número máximo de prazas autorizadas ao remate do curso 2021-2022, en función do número de solicitudes provenientes das listas de espera confeccionadas, das escolarizacións tardías e da resolución favorable de recursos de alzada. As solicitudes de ampliación de prazas serán realizadas preferentemente no mes de setembro de 2022.

Sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, a Secretaría Xeral Técnica autorizará as peticións cursadas, co fin de cubrir na medida do posible a demanda insatisfeita existente nos centros.

En todo caso, darase prioridade aos incrementos de prazas derivados sucesivamente das seguintes circunstancias:

- Da declaración de escolares en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Da declaración de escolares con discapacidade acreditada igual ou superior ao 33% .
- Da demanda de alumnado xa escolarizado no centro ou incorporado tardiamente, que, sendo usuario lexítimo e continuado do transporte (domicilio a máis de 2 km do centro escolar e utilización en días fixos das semanas do calendario escolar), careza de transporte ao mediodía.
- Da escolarización no centro de novo alumnado, como consecuencia do aumento ou introdución de unidades ou grados educativos, da fusión e supresión de centros de ensino, de derivacións das comisións de escolarización relativas a centros con ocupación máxima.



Os usuarios para os que se solicite a ampliación non poderán incorporarse ao comedor ata que o autorice a Secretaría Xeral Técnica e así lle sexa comunicado á dirección do centro.

9. Uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros

Esta Secretaría Xeral Técnica, **sempre que as condicións dos locais o permitan**, poderá autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

10. Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG nº 132, do 9 de xullo), interpretados na Instrución 1/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2022-2023.

11. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.



Excepcionalmente, **sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fóra de área.**

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Segundo establece a disposición adicional primeira do Decreto 132/2013, estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que aboar, en concepto de prezo público a cantidade de 4,50 € por día de servizo, agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estea a tramitar procedementos de zonificación, que, mentres non rematen definitivamente, posibilitarán o pagamento do prezo público polos alumnos escolarizados fóra da súa área de influencia de acordo coas regras xerais establecidas no devandito Decreto.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado matriculado nun centro público ou privado ten garantida a súa permanencia nel nos termos establecidos no Decreto 13/2022, do 3 de febreiro; polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Á vista disto, o alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con



carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

12 Mantemento da aplicación informática COMEDORES. Relación de usuarios do servizo e Certificación mensual de cubertos consumidos.

Mediante o uso da aplicación informática COMEDORES, a dirección de cada centro elaborará a máis tardar 30 de setembro de 2022 a relación nominal do alumnado e os demais usuarios do servizo de comedor, especificando aqueles que sexan gratuítos e pagadores na contía que proceda.

Aos efectos de facilitar o posterior control dos usuarios do comedor escolar resulta necesario verificar na aplicación comedores que os usuarios figuran correctamente catalogados especificando, no caso dos usuarios non pagadores que a súa gratuidade deriva de ter unha renda per cápita hasta 7.000,00 € ou de atoparse nos supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto.

Os centros deberán actualizar a dita relación cada vez que se produzan cambios no número de usuarios e na condición e características destes, sen prexuízo de que tales modificacións, de ser cuantitativas, precisen a previa autorización da Secretaría Xeral Técnica.

Durante os meses seguintes, as direccións dos centros irán confirmando na aplicación informática COMEDORES os días de asistencia ao comedor. Ao final de cada mes, deberá obterse mediante a citada aplicación informática, a certificación mensual de menús servidos (registro de cubertos) e a relación de usuarios do servizo de comedor co fin de **remitilos asinados electronicamente mediante a aplicación portasinaturas ao servizo de xestión dos comedores escolares.**



Correo electrónico: comedores.santiago@edu.xunta.gal

Unha axeitada información sobre os comensais reais a través da aplicación COMEDORES require da confirmación do número exacto ao día seguinte ao de desfrute do servizo, ou ben realizar a confirmación a semana vencida.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López



ANEXO I: PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS

PROVINCIA	CONCELLO	COD_CENTRO	NOME	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A Coruña	A Laracha	15025256	CEIP Alfredo Brañas	56	56	56	56	56
A Coruña	A Laracha	15027654	IES Agra de Leborís	27				
A Coruña	Arteixo	15023041	CEIP de Galán	100	100	100	100	100
A Coruña	Betanzos	15001148	IES As Mariñas	0	16			
A Coruña	Boiro	15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	57	57	57	57	57
A Coruña	Brión	15001744	EEI dos Ánxeles	36	36	36	36	36
A Coruña	Cambre	15023065	CEIP Gonzalo Torrente Ballester	111	111	111	111	111
A Coruña	Cambre	15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	273	273	273	273	273
A Coruña	Cambre	15023053	CEIP Portofaro	244	244	244	244	244
A Coruña	Carballo	15021354	CEIP Bergantiños	120	120	120	120	120
A Coruña	Carballo	15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	72	72	72	72	72
A Coruña	Carballo	15002591	IES Monte Neme	47				
A Coruña	Cerceda	15020970	CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro	72	72	72	72	72
A Coruña	Corcubión	15003789	CEIP Praia de Quenxe	44	44	44	44	44
A Coruña	Culleredo	15027253	CEIP Isaac Díaz Pardo	310	310	310	310	310
A Coruña	Culleredo	15027708	CEIP Plurilingüe Ría do Burgo	330	330	330	330	330
A Coruña	Culleredo	15021809	CEIP Sofía Casanova	275	275	275	275	275
A Coruña	Culleredo	15027903	IES Eduardo Blanco Amor	80				
A Coruña	Fene	15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	63	63	63	63	63
A Coruña	Ferrol	15006687	IES de Catabois	0	32			
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15021861	CEIP Joaquín Rodríguez Otero	37	37	37	37	37
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15026765	CEIP Milladoiro	45	45	45	45	45
A Coruña	Muros	15009998	CEIP Ramón de Artaza y Malvárez	57	57	57	57	57
A Coruña	Narón	15022310	CEIP A Gándara	145	145	145	145	145
A Coruña	Narón	15023740	CEIP A Solaina	92	92	92	92	92
A Coruña	Narón	15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	91	91	91	91	91
A Coruña	Narón	15010058	CPI do Feal	125	125	125	125	125
A Coruña	Ortigueira	15020544	IES de Ortigueira	17				
A Coruña	Ribeira	15021731	CEIP Plurilingüe de Frións	55	55	55	55	55
A Coruña	Santa Comba	15026030	IES Terra de Xallas	33				
A Coruña	Teo	15025724	CEIP Plurilingüe Os Tilos	81	81	81	81	81
A Coruña	Vedra	15018471	CEIP Ortigueira	71	71	71	71	71
Lugo	A Pastoriza	27016716	IES Fonmiñá	56	56	56	56	56
Lugo	A Pontenova	27016297	IES Enrique Muruais	38	38	38	38	38
Lugo	Becerreá	27016315	IES de Becerreá	64	64	64	64	64
Lugo	Burela	27015751	CEIP Plurilingüe Vista Alegre	113	113	113	113	113
Lugo	Cervo	27020859	CEIP Península da Paz	56	56	56	56	56
Lugo	Chantada	27003151	IES Lama das Quendas	33				
Lugo	Chantada	27003175	IES Val do Asma	65	55	55	55	55



PROVINCIA	CONCELLO	COD_CENTRO	NOME	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Lugo	Foz	27004428	CEIP Plurilingüe de Foz nº 1	82	82	82	82	82
Lugo	Lugo	27006531	IES Lucus Augusti	49				
Lugo	Lugo	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	58	22	22	22	22
Lugo	Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	107	107	107	107	107
Lugo	Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	50	50	50	50	50
Lugo	Monforte de Lemos	27007259	IES Río Cabe	120	82	82	82	82
Lugo	Muras	27015876	CEIP Antía Cal Vázquez	15	15	15	15	15
Lugo	Negueira de Muñiz	27007892	CEIP de Negueira de Muñiz	16	16	16	16	16
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	27015967	CPI Uxío Novoneira	36	36	36	36	36
Lugo	Ribadeo	27020902	IES de Ribadeo Dionisio Gamallo	115	115	115	115	115
Lugo	Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	64	64	64	64	64
Lugo	Sarria	27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	70	70	70	70	70
Lugo	Triacastela	27015979	CEIP Eduardo Cela Vila	16	16	16	16	16
Lugo	Vilalba	27013314	IES Santiago Basanta Silva	185	50	50	50	50
Lugo	Viveiro	27016674	CEP Luis Tobio	105	105	105	105	105
Lugo	Viveiro	27014100	EEI San Roque	44	44	44	44	44
Lugo	Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	70	48	48	48	48
Ourense	A Arnoia	32015891	CEIP San Salvador	43	43	43	43	43
Ourense	A Peroxa	32010121	CEIP Roberto Blanco Torres	33	33	33	33	33
Ourense	A Pobra de Trives	32015876	IES Xermán Ancochea Quevedo	38				
Ourense	A Rúa	32016637	IES Cosme López Rodríguez	71				
Ourense	Allariz	32016339	IES de Allariz	57				
Ourense	Baltar	32016236	CEIP de Baltar	29	29	29	29	29
Ourense	Bande	32016340	IES Aquis Querquernis	73				
Ourense	Barbadás	32020781	CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro	221	221	221	221	221
Ourense	Beariz	32001920	CEIP de Beariz	17	17	17	17	17
Ourense	Celanova	32016625	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	86				
Ourense	Maceda	32016431	IES San Mamede	50				
Ourense	Monterrei	32015657	CEIP de Medeiros	19	19	19	19	19
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001658	CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Canalejas	115	115	115	115	115
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001671	CEIP Ramón Otero Pedrayo	75	75	75	75	75
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001725	IES Lauro Olmo	59				
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001683	IES Martaguisela	100				
Ourense	O Carballiño	32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	150	150	150	150	150
Ourense	Oímbra	32008173	CEIP de Oímbra	65	65	65	65	65
Ourense	Ourense	32016327	CEIP A Ponte	178	180	180	180	180
Ourense	Ourense	32008793	CEIP Manuel Luís Acuña	65	65	65	65	65
Ourense	Ourense	32015669	CEIP Mestre Vide	195	195	195	195	195
Ourense	Ourense	32015219	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro	54	54	54	54	54
Ourense	Ourense	32016455	IES Julio Prieto Nespereira	67				



PROVINCIA	CONCELLO	COD_CENTRO	NOME	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ourense	Ourense	32015207	IES O Couto	40				
Ourense	Ourense	32009131	IES Universidade Laboral	150				
Ourense	Ourense	32009116	IES 12 de Outubro	29				
Ourense	Ribadavia	32015475	IES O Ribeiro	51				
Ourense	Xinzo de Limia	32014801	IES Cidade de Antioquía	27				
Ourense	Xinzo de Limia	32015232	IES Lagoa de Antela	111				
Pontevedra	A Estrada	36014854	CEIP Plurilingüe de Oca	51	51	51	51	51
Pontevedra	Arbo	36000031	CEIP Antonio Carpintero	104	104	104	104	104
Pontevedra	Bueu	36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	56	56	56	56	56
Pontevedra	Caldas de Reis	36015861	CEIP Plurilingüe San Clemente de Cesar	96	96	96	96	96
Pontevedra	Caldas de Reis	36000405	CPI Plurilingüe Alfonso VII	82	82	82	82	82
Pontevedra	Cambados	36000478	CEP Antonio Magariños Pastoriza	78	78	78	78	78
Pontevedra	Cuntis	36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	98	98	98	98	98
Pontevedra	Gondomar	36020261	IES Plurilingüe Terra de Turonio	30				
Pontevedra	Gondomar	36017703	CEIPP Souto-Donas	65	65	65	65	65
Pontevedra	Gondomar	36014672	CEIP Serra-Vincios	67	67	67	67	67
Pontevedra	Gondomar	36018631	CEP Xosé Neira Vilas	60	60	60	60	60
Pontevedra	Gondomar	36003662	CEIPP Chano Piñeiro	102	102	102	102	102
Pontevedra	Lalín	36004095	CEIP Manuel Rivero	110	110	110	110	110
Pontevedra	Moaña	36019438	CEIP A Guía	56	56	56	56	56
Pontevedra	Moaña	36016590	CEIP de Abelendo	39	39	39	39	39
Pontevedra	Moaña	36016607	CEIP de Quintela	76	76	76	76	76
Pontevedra	Moaña	36013552	CEIP de Seara	99	99	99	99	99
Pontevedra	Moaña	36015378	CEIP Plurilingüe de Tirán	92	92	92	92	92
Pontevedra	Moaña	36004711	CEIP Plurilingüe Domaio	46	46	46	46	46
Pontevedra	Moaña	36016796	EEI de Verducedo	29	29	29	29	29
Pontevedra	Moaña	36016814	EEI do Con	19	19	19	19	19
Pontevedra	Mondariz	36004927	CPI de Mondariz	219	219	219	219	219
Pontevedra	Nigrán	36005956	CEIP Carlos Casares	138	138	138	138	138
Pontevedra	Nigrán	36016620	CEIP da Cruz	80	80	80	80	80
Pontevedra	Nigrán	36018434	CEIP Mallón	88	88	88	88	88
Pontevedra	Nigrán	36005774	CEIP Plurilingüe Humberto Juanes	221	221	221	221	221
Pontevedra	O Grove	36014878	CEIP Plurilingüe de Conmeniño	53	53	53	53	53
Pontevedra	O Porriño	36017685	CEIP Plurilingüe da Ribeira	39	39	39	39	39
Pontevedra	O Porriño	36018422	CEIP Plurilingüe de Atios	127	127	127	127	127
Pontevedra	Ponte Caldelas	36007591	CEIP Manuel Cordo Boulosa	71	71	71	71	71
Pontevedra	Ponte Caldelas	36020313	IES de Ponte Caldelas	105				
Pontevedra	Ponteareas	36016954	CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro Sabell Mosquera	183	183	183	183	183
Pontevedra	Ponteareas	36024781	IES do Barral	52				
Pontevedra	Ponteareas	36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	65	65	65	65	65
Pontevedra	Pontevedra	36017201	CEE Pontevedra	33	33	33	33	33
Pontevedra	Pontevedra	36013761	IES A Xunqueira I	85				
Pontevedra	Redondela	36015007	CEIP Plurilingüe de Cedeira	58	58	58	58	58
Pontevedra	Silleda	36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro				71	
Pontevedra	Soutomaior	36025013	CEIP Manuel Padín Truteiro	121	121	121	121	121



PROVINCIA	CONCELLO	COD_CENTRO	NOME	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pontevedra	Tomiño	36009494	CEIPP de Tebra	25	25	25	25	25
Pontevedra	Vigo	36015834	CEIP Altamar	81	81	81	81	81
Pontevedra	Vigo	36010125	CEIP de Fonte Escura	44	44	44	44	44
Pontevedra	Vigo	36010708	CEIP Emilia Pardo Bazán	223	223	223	223	223
Pontevedra	Vigo	36016061	CEIP Plurilingüe A Doblada	136	136	136	136	136
Pontevedra	Vigo	36010101	CEIP Plurilingüe O Sello	64	64	64	64	64
Pontevedra	Vigo	36010721	CEIP Plurilingüe Ramón y Cajal	96	96	96	96	96
Pontevedra	Vigo	36010071	CEIP Plurilingüe Santa Mariña	94	94	94	94	94
Pontevedra	Vigo	36010666	CEIP San Salvador	92	92	92	92	92
Pontevedra	Vigo	36010629	CEIP Vicente Risco	60	60	60	60	60
Pontevedra	Vigo	36010009	CEIP Virxe do Rocío	128	128	128	128	128
Pontevedra	Vigo	36015241	CEP Celso Emilio Ferreiro	130	130	130	130	130
Pontevedra	Vigo	36010711	CEP Dr. Fleming	335	335	335	335	335
Pontevedra	Vigo	36010265	EEI Cristo da Victoria	75	75	75	75	75
Pontevedra	Vigo	36014799	EEI Vila Laura	129	129	129	129	129
Pontevedra	Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón	21		36		
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36015263	CEIP Plurilingüe de Rubiáns	130	130	130	130	130
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36012742	CEIP Plurilingüe de Vilaxoán	167	167	167	167	167
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36012584	CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro	196	196	196	196	196



CENTRO EDUCATIVO:
ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS
A) RENDA NETA IRPF 2021:

casilla 435 + casilla 460 – casilla 595 = X
--

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA COMEDOR: número de membros = **Y**

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = **X/Y**
D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo	
--	--

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que	Renda anual neta
---	------------------





course ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
--	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que course ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casilla seguinte





**Aboamento de 2,50 € por día de
servizo**

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casíña seguinte

**Aboamento de 4,50 € por día de
servizo**

Se súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que



se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2022

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:



A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2021:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casilla 435} + \text{casilla 460} - \text{casilla 595}$
--

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o



outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casañas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casañas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.



ANEXO III

Modelo que se deberá obter mediante a utilización da aplicación informática

COMEDORES

RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR NO MES DE DE
202_

CURSO ESCOLAR 2022/2023

D/Dona
director/a do

CERTIFICA

1º. Que o alumnado relacionado a continuación é usuario do servizo de comedor escolar deste centro. A presente certificación realízase para os efectos previstos no Decreto 132/2013, do 1 de agosto e na Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008.

Nº	APELIDOS NOME	E	NIVEL	CENTRO	TIPO DE USUARIO
					Gratuidade total
					Aboamento 1 €
					Aboamento 2,5 €
					Aboamento 4,5 €



2º. Que as seguintes persoas, non pertencentes ao alumnado do centro, son usuarias do servizo de comedor escolar coa condición que se indica:

Nº	APELIDOS NOME	E CONDICIÓN	TIPO DE USUARIO (Indicar Nº días)			
			Gratuidade total	Aboamento 1 €	Aboamento 2,5 €	Aboamento 4,5 €
TOTAIS:						

.....,..... de de 202_

A/o director/a

SELO DO CENTRO

